



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO: APROBACIÓN DOS CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO ESPAZO PARA TERRAZAS NO CASCO HISTÓRICO DO CONCELLO DE PADRÓN, CONCRETAMENTE DAS PRAZAS DE MACÍAS O NAMORADO, MANUEL RODRÍGUEZ COBIÁN E PASEO DO ESPOLÓN.

As prazas do noso casco histórico forman parte, entre outros, dos bens de dominio público. En concreto, trátase de bens de uso público local segundo o establecido no artigo 3 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL). Estes desempeñan un papel fundamental na vida diaria dos cidadáns. A súa importancia radica en que contribúen á mellora na calidade de vida dos mesmos, ao proporcionarlles espazos para o desenvolvemento de moitas das súas actividades.

Así, as Administracións Públicas teñen a responsabilidade de velar pola súa conservación e polo seu correcto uso, garantindo que sexan accesibles e beneficiosos para todas as persoas.

Os diferentes usos que poden dársele aos bens de dominio público están establecidos na Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), considerándose o uso común dos mesmos aquel *“que corresponde por igual e de forma indistinta a todos os cidadáns, de modo que o uso por uns non impide o dos demais interesados”*. Pola súa parte, o Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL) especifica que nos atopamos ante un uso común xeral *“cando non concorran circunstancias singulares”*.

Non en tanto, no caso das prazas e rúas, a instalación de terrazas nas mesmas supón un uso común especial do dominio público, xa que aínda que non se impide o seu uso xeral, existe unha concorrencia de circunstancias como a perigosidade ou intensidade no seu uso (artigo 85.2 LPAP e 75.1.b RBEL) ao ocuparse en moitos casos unha superficie importante das mesmas, que reduce o espazo dispoñible para o tránsito de peóns ou a realización de actividades de lecer, recreativa, deportivas ou similares e que pode supor risco para a seguridade dos mesmos, especialmente no caso de aglomeracións ou en presenza de persoas con mobilidade reducida.

Por este motivo, a súa instalación debe ser autorizada, e compre establecer uns criterios claros para que o seu uso non perxudique o uso común destas prazas. En concreto, estas condicións deberían garantir que non impidan a circulación peonil e o acceso aos servizos públicos, non supoñan un obstáculo para o acceso ás edificacións, non xeren molestias aos veciños e non perxudiquen o aspecto estético do entorno urbano.

Así, buscando unha regulación eficaz e respetuosa cos espazos públicos do casco histórico, que permita unha adecuada combinación entre o uso xeral e especial dos mesmos, e que permita a todos os cidadáns disfrutar destes lugares pero sempre tendo en conta que as terrazas constitúen tamén un espazo de esparcemento, que xera un clima positivo xa que contribúen ao ocio, á economía e ao turismo, por Resolución desta Alcaldía nº 804/2023, de 10 de novembro, establecéronse os criterios para a delimitación do espazo máximo a ocupar con terrazas no casco histórico de Padrón, concretamente nas prazas de Macías o Namorado, Manuel Rodríguez Cobián e Paseo do Espolón (dacordo cos planos asinados o 9 de novembro de 2023 polo arquitecto municipal da oficina de rehabilitación), a cal se fai pública:

« **Primeiro.** Aprobar os seguintes criterios para a delimitación do espazo máximo a ocupar con terrazas no casco histórico de Padrón, concretamente nas prazas de Macías o Namorado, Manuel Rodríguez Cobián e Paseo do Espolón (dacordo cos planos asinados o 9 de novembro de 2023 polo arquitecto municipal da oficina de rehabilitación e que forman parte do anexo I desta resolución):

- Nas prazas de Macías o Namorado, Manuel Rodríguez Cobián e Paseo do Espolón, delimitarase unha distancia máxima de seis (6) metros de fondo dende a fachada do local que poderá ser ocupada por mesas e cadeiras das terrazas.

Sublíñase que se fai referencia ao espazo máximo a ocupar en canto ao fondo dende as fachadas dos locais, non en tanto, debe atenderse á Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 267, do 19 de novembro de 2004, a cal establece no seu

artigo 61 que *“En principio, poden instalarse as mesas na totalidade da anchura da fachada do establecemento se outras circunstancias (paso de peóns, paradas de autobuses, saídas de emerxencia, etc.) non o impiden.*

Non se poderán instalar as mesas fóra da liña de fachada do establecemento a non ser que os propietarios dos establecementos lindantes dean a súa autorización expresa(...)”

Segundo. Facer pública a presente resolución no Taboleiro electrónico e no da Casa do Concello.

Terceiro. Dar traslado da presente resolución ao departamento da Policía Local para os efectos da emisión dos correspondentes informes para a concesión de licenzas.

Cuarto. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente. »

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña


correo@padron.gal

www.padron.gal


Tfí: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

ANEXO I: CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO ESPAZO PARA TERRAZAS NO CASCO HISTÓRICO DO CONCELLO DE PADRÓN: PRAZAS DE MACÍAS O NAMORADO, MANUEL RODRÍGUEZ COBIÁN E PASEO DO ESPOLÓN.



ESCALA: 1 / 700




ESCALA: 1 / 250


RIO SAR



PROPOSTA PARA A DELIMITACIÓN DE ESPAZO PARA TERRAZAS DOS
LOCALES NO PASEO DO ESPOLOÓN DO CASCO HISTÓRICO DE PADRÓN.
DATA: NOVEMBRO 2023 ESCALA: 1 / 700




ESCALA: 1 / 700




ESCALA: 1 / 250

RIO SAR



PROPOSTA PARA A DELIMITACIÓN DE ESPAZO PARA TERRAZAS DOS
LOCALES NO PASEO DO ESPOLÓN DO CASCO HISTÓRICO DE PADRÓN.
DATA: NOVEMBRO 2023 ESCALA: 1 / 700 ESCALA: 1 / 250



Rúa Murgadán

Praza de Rodríguez
Cobian

Igrexa de Santiago

6.00

6.00

